

**V. ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA****XULGADO DO SOCIAL NÚMERO 3 DE SANTIAGO DE COMPOSTELA***EDICTO (180/2015/01).*

Susana Varela Amboage, letrada da Administración de xustiza do Xulgado do Social número 3 de Santiago de Compostela, fai saber que por resolución ditada o día 8.4.2016, no proceso seguido por instancia de Santander Consumer Renting, S.L. –terceirista– contra Talleres J y M Fernández, S.L., SS Fernández Concesionario, S.L., Automóviles J y M Fernández, S.L., rexistrado co número 180/2015/01, acordouse citar a Talleres J y M Fernández, S.L., SS Fernández Concesionario, S.L., Automóviles J y M Fernández, S.L. en ignorado paradoiro, co fin de que compareza na sala de vistas deste xulgado do social número 3, situado na rúa Berlín, s/n, polígono das Fontiñas, 15707, o día 20.6.2016 ás 11.20 horas para a realización dos actos de comparecencia. Pode comparecer persoalmente ou mediante persoa legalmente apoderada, e que deberá acudir con todos os medios de proba de que intente valerse, coa advertencia de que é única convocatoria e que os devanditos actos non se suspenderán por falta inxustificada de asistencia.

Fáiselle saber que ten á súa disposición na oficina xudicial a cédula de citación, copia da demanda e decreto de admisión desta e demais resolucións e documentos existentes no procedemento.

Advírtese ao destinatario que as seguintes comunicacións se farán fixando copia da resolución ou da cédula no taboleiro de anuncios da oficina xudicial, salvo o suposto da comunicación das resolucións que deban revestir forma de auto ou sentenza, ou cando se trate de emprazamento.

En caso de que pretenda comparecer ao acto do xuízo asistido de avogado ou representado tecnicamente por graduado social colexiado, ou representado por procurador, poñerá esta circunstancia en coñecemento do xulgado ou tribunal por escrito, dentro dos dous días seguintes ao da súa citación para o xuízo, co obxecto de que, trasladada tal intención ao demandante, poida estar este representado tecnicamente por graduado social colexiado, ou representado por procurador, designar avogado noutro prazo igual ou solicitar a súa designación a través da quenda de oficio. A falta de cumprimento destes requisitos supón a renuncia da parte ao dereito de valerse no acto de xuízo de avogado, procurador ou graduado social colexiado.



E para que sirva de citación a Talleres J y M Fernández, S.L., SS Fernández Concesionario, S.L., Automóviles J y M Fernández, S.L. expídese o presente edicto para a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia* e colocación no taboleiro de anuncios.

Santiago de Compostela, 19 de abril de 2016

A letrada da Administración de xustiza

CVE-DOG: jre37vw2-foo2-fd79-fc55-qvy3ugznwk74

